

falaRedes

programa de dinamización lingüística

— OS BOLECHAS E O SABICHÓN —

O programa de dinamización lingüística FalaRedes, organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, presenta a actividade Os Bolechas e o Sabichón, que desde esta primavera chegará a 57 concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia coa colaboración das deputacións provinciais da Coruña e de Pontevedra en municipios da súa competencia territorial.

Tras botar man da música co concerto Toc Toc e do teatro coa obra As fabas máxicas para achegar o público familiar ao galego de xeito lúdico e divertido, a terceira edición de FalaRedes amplía a súa programación cun espectáculo protagonizado polos famosos personaxes creados por Pepe Carreiro, que farán as delicias dos cativos e cativas de 4 a 8 anos e das súas familias.

A maiores de promover o uso da lingua de Galicia, como busca o programa de dinamización con propostas de lecer de calidade no noso idioma, Os Bolechas e o Sabichón tamén ten a súa parte didáctica, xa que a actividade simula un concurso no que tanto os irmáns Bolechas coma os nenos e nenas asistentes deberán demostraren os seus coñecementos e habilidades lingüísticas.


Os bonecos preséntanse en forma de monicreques manipulados por actores á vista, modalidade novidosa en Galicia. O Sabichón é un personaxe moi “listiño” que presenta o concurso. Nel participan dous equipos, un liderado por Braulio Bolechas e outro por Loli Bolechas, os irmáns que terán que enfrontarse a preguntas e probas moi divertidas. Para venceren, precisarán da axuda do público, converténdose a xente miúda en protagonista do espectáculo.

Mediante esta estratexia, poténciase a identificación dos nenos e nenas asistentes cos seus protagonistas, un referente positivo asociado ao galego, pois Os Bolechas falan sempre a nosa lingua: nos libros, nos programas de televisión e nos espectáculos coma este.

Como sempre en FalaRedes, a entrada será libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre FalaRedes 2014 estará dispoñible no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística www.xunta.es/linguagalega/falaredes_2014 e nas redes sociais. Así mesmo, Os Bolechas e o Sabichón tamén contan co seu propio web: <http://www.osbolechas.com/sabichon/>.



 @Falaredes

 Programa Falaredes

OS BOLECHAS E O SABICHÓN



MAIO

- Sábado 10: **Ribadumia**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 h
- Domingo 11: **Ponte Caldelas**, no Centro Cultural, ás 12:00 h
A Lama, no Multiúsos da Alameda, ás 18:00 h
- Venres 16: **Valga**, no Auditorio Municipal, ás 18:00 h
- Sábado 17: **Soutomaior**, no Multiúsos de Arcade, ás 18:00 h
- Domingo 18: **Moaña**, no Centro Sociocultural Daniel Castelao, ás 12:00 h
Mondariz-Balneario, na sala de cultura do Concello, ás 18:00 h
- Venres 23: **Muros**, na antiga fábrica de Sel, ás 18:00 h
- Sábado 24: **Cariño**, na Casa da Cultura, ás 19:00 h
- Domingo 25: **Neda**, na Casa da Cultura, ás 12:00 h
Ortigueira, no Teatro da Beneficencia, ás 18:00 h
- Venres 30: **Boqueixón**, na Casa da Cultura, ás 18:00 h
- Sábado 31: **Cospeito**, na Casa da Cultura Feira do Monte, ás 18:00 h



XUÑO

- Domingo 1: **Foz**, no salón de actos da Casa da Cultura, ás 12:00 h
Barreiros, nos Colexios Vellos de San Miguel de Reinante, ás 19:00 h
- Venres 6: **Teo**, no Centro Sociocultural da Ramallosa, ás 18:00 h
- Sábado 7: **Zas**, no Auditorio do Concello, ás 19:00 h
- Domingo 8: **Malpica de Bergantiños**, no Auditorio do Centro Cívico, ás 12:00 h
Laxe, no Salón de Actos Municipal, ás 18:00 h
- Xoves 12: **Barro**, no salón de actos da Biblioteca Pública, ás 19:00 h
- Venres 13: **A Estrada**, no Teatro Principal, ás 19:00 h
- Sábado 14: **Bande**, no salón de actos do Concello, ás 19:30 h
- Domingo 15: **Castro de Miño**, no Club Náutico, ás 13:00 h
O Carballiño, no Auditorio Municipal, ás 18:00 h
- Venres 20: **Padrón**, no Auditorio, ás 20:00 h
- Sábado 21: **Vilamarín**, no Auditorio, ás 18:00 h
- Domingo 22: **Ourense**, na Sala Azul do Auditorio, ás 12:00 h
San Cristovo de Cea, no salón de actos do Multiúsos, ás 18:00 h
- Venres 27: **Negreira**, no Auditorio do Centro Sociocultural, ás 18:00 h
- Sábado 28: **Cee**, no salón de actos do Concello, ás 20:00 h
- Domingo 29: **Carnota**, no salón de actos do Concello, ás 12:00 h
Muxía, no salón de actos do Voluntariado, ás 18:30 h

OS BOLECHAS E O SABICHÓN



XULLO

- Venres 4: **Caldas de Reis**, no Auditorio Municipal, ás 20:00 h
- Sábado 5: **Vila de Cruces**, no Auditorio, ás 19:00 h
- Domingo 6: **Guntín**, na Casa da Cultura, ás 18:00 h
- Venres 11: **Abegondo**, no Centro Cultural O Salón, ás 20:30 h
- Sábado 12: **A Cañiza**, no Auditorio da Casa da Cultura, ás 18:00 h
- Domingo 13: **Celanova**, no Auditorio Municipal Ilduara, ás 20:00 h
- Venres 18: **Roís**, no Auditorio do Edificio Multiúsos, ás 20:00 h
- Sábado 19: **Outeiro de Rei**, no Salón de Actos, ás 20:00 h
- Domingo 20: **Castro de Rei**, na Casa da Cultura de Castro de Ribeira de Lea, ás 18:00 h
- Venres 25: **Quiroga**, no Auditorio Municipal, ás 20:00 h

SETEMBRO

- Venres 5: **Ribadavia**, no Auditorio da Casa da Cultura, ás 18:00 h
- Sábado 6: **Burela**, na Casa da Cultura, ás 18:00 h
- Venres 12: **Monterroso**, na Casa da Cultura, ás 18:00 h
- Sábado 13: **Cerdedo**, no Auditorio do Centro Cultural, ás 19:00 h
- Domingo 14: **Lousame**, no salón de actos da Casa da Cultura, ás 19:00 h
- Venres 19: **Dodro**, na Paxareira, ás 18:00 h
- Sábado 20: **Castro Caldelas**, no Castelo de Castro Caldelas, ás 18:00 h
- Domingo 21: **O Barco de Valdeorras**, no Teatro Municipal Lauro Olmo, ás 19:00 h
- Venres 26: **Fisterra**, no Salón de Actos Municipal, ás 19:00 h
- Sábado 27: **Oroso**, no Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa, ás 12:00 h
Bergondo, no Edificio A Senra, ás 18:00 h
- Domingo 28: **Sobrado**, no Edificio de Usos Múltiples Casa da Hermandade, ás 12:00 h
Mesía, na Casa da Cultura, ás 18:00 h

